

Blanquet 1979). A procedencia e localización precisa dos inventarios utilizados amósase no Anexo I que figura ao final deste traballo.

Como criterio xeral, na nomenclatura botánica seguíronse as propostas de Flora ibérica (Castroviejo 1986-2007) para os grupos publicados nesta obra e os de Flora Europea (Tutin et al. 1964-1980) no resto. Non obstante, debido aos avances experimentados na taxonomía vexetal ao longo das últimas décadas e a disparidade de criterios empregados polos autores das diversas referencias bibliográficas empregadas, realizáronse diversas adaptacións nomenclaturais que atinxiron aos xéneros *Hedera* (en todos os casos as citas de *H. helix* foron consideradas como *H. hibernica* seguindo a Sahuquillo et al. 2001), *Polypodium* (todas as presenzas foron asimiladas con *Polypodium vulgare*), *Asphodelus* e *Rubus* (nestes últimos casos a determinación realizouse a nivel de xénero, *Asphodelus* sp. e *Rubus* sp., respectivamente).


Coa información florística recopilada elaborouse unha base de datos á que se lle engadiu información relativa á situación xeográfica das localidades inventariadas (coordenadas UTM), aspectos topográficos (altitude, pendente, orientación, posición topográfica), atributos estruturais (altura dominante e cobertura por estratos), litoxía e caracterización bioclimática. Este último conxunto de datos calculóuse para cada unha das localidades

inventariadas utilizando os gradientes establecidos por Rodríguez Guitián (2004) mediante regresión lineal entre a altitude e os valores dos índices Ic (índice de continentalidade), Itc (índice de termicidade compensado) e Io (índice ombrotérmico) propostos por Rivas-Martínez (2007) determinados a partir dos datos proporcionados por unha rede de 113 estacións meteorolóxicas distribuídas ao longo da área de estudo e territorios limítrofes.

No plano fitosociolóxico, as discusións realízanse tendo en conta as referencias bibliográficas previas sobre estes e outros tipos de bosques cos que poden gardar algunha relación, xa sexa de tipo catenal a unha escala local ou ben dentro do contexto bioxeográfico no que se enmarcan. Para axilizar a lectura e comprensión do apartado de resultados e discusión, faise alusión ás comunidades vexetais mencionadas por medio dos acrónimos que se presentan na táboa 1.

## Resultados e discusión

Antes de abordar a discusión sobre a interpretación fitosociolóxica dos bosques estudados parécenos importante facer algunhas consideracións acerca da presenza neles de varios taxóns arbóreos que teñen sido utilizados por diversos autores para diferenciar determinadas comunidades fundamentados na súa



**Figura 1.-** Delimitación da área de estudo (Subsector Cantábrico occidental) e localización dos inventarios de bosques analizados. Para a interpretación dos acrónimos, ver a táboa 1

distribución corolóxica. É o caso dos carballeais cántabro-atlánticos que se diferenciarian dos orocantábricos pola presenza exclusiva nos primeiros de *Quercus robur*, mentras que *Quercus petraea* e o seu híbrido co anterior (*Quercus x rosacea*) serían privativos dos segundos (Rivas-Martínez et al. 1984a, Díaz González & Fernández Prieto 1994a, 1994b; Fernández Prieto & Díaz González 1998). Sen embargo, este criterio é claramente discordante co coñecemento desde antigo de poboacións de *Quercus petraea* dentro do territorio aquí tratado (Losa Quintana 1973, Rigueiro Rodríguez & Silva-Pando 1984, Amaral Franco 1990, Vila & Díaz-Maroto 2002). A distribución confirmada por nós de *Quercus petraea* e *Q. x rosacea* (figura 2) é bastante máis extensa da admitida ate o momento e abrangue unha área que se estende de xeito practicamente ininterrompido polos macizos montañosos que van desde a Serra da Capelada (A Coruña) ata os límites orientais do Subsector Cantábrico occidental coas unidades Ovetense e Laciano-Narceense (Asturias), existindo citas desta especie en localidades máis meridionais situadas na cunca baixa do Río Eume (Losa Quintana 1973, Rigueiro Rodríguez 1991).

A coexistencia de *Q. robur*, *Q. petraea* e *Quercus x rosacea* na área cantábrica occidental (figuras 2 e 3) é concordante co observado no resto da Cornixa Cantábrica (subsectores Santanderino-Vizcaíno e Euskaldún Oriental), donde os tres taxóns poden formar parte de bosques da asociación

*Hyperico pulchri-Quercetum roboris*, na que se inclúen carballeais hiperoceánicas de carácter acidófilo e distribución termo e mesotemperada (cf. Rivas-Martínez et al. 1984a; Rivas-Martínez et al. 1991, Loidi Arregui et al. 1997). Á vista desta información e da aportada na figura 4, na que se amosa o reparto altitudinal de diversas especies arbóreas presentes nas carballeiras estudadas, a suposta fidelidade de *Quercus petraea* e *Q. x rosacea* polos territorios montañosos da Cordillera Cantábrica no seu extremo occidental de distribución, parécenos máis que dubidosa, ademais de incoherente co que acontece nos territorios cantábricos orientais. Por outro lado, aínda que nalgúns dos carballeais estudados poda darse un claro dominio de *Quercus petraea* ou *Q. x rosacea*, estas situacións non deben de confundirse cos carballeais albares orocantábricos (táboa 2, columnas 4 e 5), pois nestes están ausentes, entre outras, especies como *Q. robur*, *Castanea sativa*, *Dryopteris aemula*, *Athyrium filix-femina*, *Ruscus aculeatus*, etc.

Ademais da presenza dos taxóns do xénero *Quercus* comentados, nalgúns dos bosques inventariados está presente o rebolo, *Q. pyrenaica* (figura 2). A cobertura acadada por esta especie varía desde menos do 1% ata o claro dominio no estrato superior (>50% de cobertura). Como no caso dos *Quercus* anteriormente comentados, diversas referencias constatan a presenza no oriente cantábrico de *Q. pyrenaica* dentro das carballeiras da asociación *Hyperico pulchri-Quercetum roboris*,





Figura 2.- Distribución coñecida de *Q. petraea*, *Q. x rosacea* e *Q. pyrenaica* na área de estudo (datos propios)


principalmente alí donde este tipo de bosques entra en contacto coas reboleiras meridionais da asociación *Melampyro pratensis-Quercetum pyrenaicae* (táboa 2, columnas 3b e 3d). Tanto nesos territorios como nos veciños ovetenses, a aparición do rebolo dentro da área teórica de óptimo para *Q. robur* interprétase como indicadora dunha menor oceaneidade ou unha maior insolación ou xericidade con respecto ós territorios circundantes (Guinea 1949, 1953; Dupont 1974, Díaz González & Fernández Prieto 1994a, 1994b; Fernández Prieto & Díaz González 1998; Loidi Arregui et al. 1997).

Por último, queremos sinalar algunhas cuestións acerca da aparición de *Fagus sylvatica* nalgúns dos bosques estudados. Esta árbore ten na actualidade unha distribución relativamente continúa desde a raia cos subsectores Ovetense e Altonarceense-Ancarés ata o val do Río Navia, facéndose escasa entre a cunca deste río e a

do Eo (cf. Rodríguez Guitián et al. 2001), estando totalmente ausente na metade oeste da área de estudio (figura 5). Sen embargo, fontes documentais (García de Longoria 1798, Guitián Rivera 1995, 1996) e traballos paleobotánicos baseados en análises polínicas (cf. Taboada-Castro et al. 1996, Ramil-Rego & Aira 1992, 1998; Ramil-Rego et al. 2000) establecen a súa existencia ata épocas recentes en áreas máis occidentais e cercanas ao mar. Isto permite afirmar que esta árbore debeu formar parte, ata períodos históricos ou protohistóricos (<2.500 anos), de distintos tipos de bosques en amplas áreas do interior galego e, máis puntualmente, do norte de Portugal, así como nos diversos tipos de bosques presentes no territorio aquí tratado. Como pode observarse na figura 4, esta especie está presente en case todos os intervalos altitudinais considerados, desde practicamente o nivel do mar até máis de 800 m, cubrindo unha ampla gama de ombroclimas.



**Figura 3.-** Variabilidade morfolóxica foliar dos *Quercus* caducifolios presentes nalgúns dos bosques estudados. Arriba, mostras recollidas no "Carballal de San Xulián" (Grandas de Salime, Asturias); no extremo esquerdo, fenotipos correspondentes a *Quercus robur*; no extremo dereito, *Quercus petraea*; no medio, formas transicionais frecuentes nos individuos hibridóxenos entre as dúas anteriores. Abaixo esquerda: mostras procedentes da Fraga de Reigadas (A Pontenova-A Fonsagrada, Lugo); neste caso a variación vai desde a esquina superior esquerda (fenotipos de *Quercus robur*) á inferior dereita (fenotipos de *Q. petraea*). Abaixo dereita: follas mesturadas de *Quercus petraea* e *Q. x rosacea* fotografiadas na Fraga dos Casás (Cerdido, A Coruña)



**Figura 4.-** Distribución altitudinal de *Fagus sylvatica* e diversos taxóns do xénero *Quercus* presentes nos bosques estudados

Columna	1a	1b	1c	1d	1e	1f	1g	1h	2a	2b	2c	3a	3b	3c	3d	3e	3f	3h	3i	4	5	6	7	8a	8b	9a	9b	10a	10b	11	12	
Núm. inv.	97	---	---	---	---	---	---	10	93	---	---	7	8	18	7	---	6	24	16	12	9	39	66	9	16	3	81	11	28	6	57	
Altitud (Dm)	---	47	47	18	31	34	26	---	---	---	16	---	---	---	56	56	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	
Alt. máx. (Dm)	97	---	---	---	---	---	---	35	76	---	---	38	70	65	60	---	43	---	79	134	136	140	76	67	90	30	95	31	70	64	120	
Alt. mín. (Dm)	32	---	---	---	---	---	---	11	2	---	---	12	50	4	8	---	15	---	4	61	78	50	5	405	37	6	1	2	15	45	39	
Nº de taxóns	23	26	28	23	29	26	22	27	26	28	29	19	28	27	27	25	18	19	26	23	20	23	27	25	20	27	26	22	23	16	22	
Altura E <sub>1</sub> (m)	---	18	22	14	20	16	18	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Cob. E <sub>1</sub> (>1,5 m) (%)	---	90	100	95	100	95	95	---	---	100	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Cob. E <sub>2</sub> (<1,5 m) (%)	---	75	95	100	90	95	95	---	---	60	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
<b>Taxóns característicos de asociacións e unidades superiores</b>																																
<i>Teucrium scorodonia</i>	IV	+	-	1	-	+	-	III	V	+	IV	IV	III	III	1	1	III	IV	III	IV	II	I	II	V	IV	2	V	V	V	III		
<i>Lonicera periclymenum</i>	IV	1	+	1	2	1	-	III	V	+	IV	V	III	2	-	II	I	III	IV	III	III	V	IV	IV	3	IV	3	IV	V	IV	II	
<i>Ilex aquifolium</i>	V	-	-	-	1	r	+	I	V	-	II	III	IV	II	+	+	III	III	III	IV	V	IV	IV	II	-	II	III	III	IV	II		
<i>Stellaria holostea</i>	III	-	+	-	+	-	-	IV	III	-	III	I	I	-	1	-	-	II	V	V	III	III	III	IV	1	I	-	III	IV	I		
<i>Holcus mollis</i>	V	-	1	2	-	+	1	-	V	-	-	IV	-	-	-	-	-	-	IV	III	II	IV	V	III	2	III	V	III	V	I		
<i>Polypodium vulgare</i>	III	+	-	-	-	-	-	II	IV	-	II	-	-	-	+	+	-	-	IV	III	IV	III	III	I	3	III	II	II	IV	I		
<i>Betula pubescens</i>	III	2	-	-	+	-	-	II	-	+	IV	+	-	-	-	-	-	-	III	IV	I	II	+	-	-	-	-	+	II	V	II	
<i>Euphorbia amygdaloides</i>	I	-	-	-	-	-	-	III	I	-	III	II	III	-	+	IV	I	II	I	II	I	II	+	+	+	+	+	-	-	-	-	
<i>Viola riviniana</i>	I	+	-	-	-	-	-	II	-	-	III	IV	1	1	IV	II	-	-	-	-	-	II	II	IV	II	1	II	II	II	IV		
<i>Corylus avellana</i>	III	-	1	+	3	1	-	IV	1	III	IV	IV	II	2	-	-	-	-	III	IV	III	IV	I	1	1	1	1	1	1	II	-	
<i>Melampyrum pratense</i>	I	+	-	-	r	+	+	II	I	1	+	IV	II	2	1	-	-	-	III	IV	II	-	+	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Quercus robur</i>	V	4	5	4	3	5	4	V	V	3	V	V	V	5	5	V	V	V	-	-	-	III	V	IV	II	3	V	V	V	V		
<i>Quercus pyrenaica</i>	I	-	-	-	-	-	-	I	-	-	-	III	-	1	-	-	-	-	-	-	-	I	+	V	V	1	III	V	II	III		
<i>Hypericum pulchrum</i>	I	-	-	-	+	-	-	I	-	III	-	III	IV	+	1	IV	III	III	+	-	-	I	I	2	II	2	-	I	-	-	-	
<i>Taxus baccata</i>	I	-	-	-	-	-	-	I	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	I	II	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Ranunculus tuberosus</i>	I	-	-	-	-	-	-	II	I	+	III	II	III	-	+	II	I	II	-	-	+	I	+	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Ajuga reptans</i>	I	-	-	-	-	-	-	II	I	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	+	-	I	II	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Castanea sativa</i>	II	1	-	2	-	1	3	V	IV	3	V	-	III	III	-	II	III	I	-	-	-	IV	V	+	3	III	IV	IV	V	II		
<i>Lathyrus linifolius</i>	I	-	-	-	-	-	-	II	I	+	+	III	II	1	+	-	-	II	+	+	+	+	II	I	-	-	-	+	-	-	-	
<i>Pulmonaria longifolia</i>	I	-	-	-	-	-	-	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Blechnum spicant</i>	V	3	1	1	2	1	+	V	IV	1	III	V	V	IV	+	III	III	III	II	III	III	V	V	-	+	-	-	II	-	II	-	
<i>Euphorbia dulcis</i>	II	+	+	-	+	-	-	III	II	-	III	-	IV	I	-	1	-	I	III	II	III	IV	III	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Avenella flexuosa</i>	IV	2	1	+	1	1	3	II	II	1	III	V	II	III	2	2	IV	V	III	IV	IV	II	III	II	1	-	-	-	-	-		
<i>Vaccinium myrtillus</i>	V	+	1	1	1	1	4	V	IV	1	III	IV	II	I	-	I	III	II	V	V	V	V	-	+	-	-	-	+	+	+	+	
<i>Acer pseudoplatanus</i>	I	-	-	-	-	-	-	-	-	+	-	-	II	-	-	-	-	-	+	-	II	II	II	+	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Sorbus aucuparia</i>	III	-	-	-	-	-	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	+	III	V	III	III	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Anemone nemorosa</i>	III	-	1	+	-	1	1	II	III	1	+	-	II	-	-	-	-	-	+	II	II	III	III	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Luzula henriquesii</i>	II	+	5	-	3	-	-	II	II	1	III	-	I	-	-	-	-	-	-	V	V	IV	III	+	-	-	-	+	-	-	-	
<i>Oxalis acetosella</i>	III	-	1	-	+	+	+	III	III	II	-	+	-	+	-	-	-	-	-	I	IV	V	IV	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Dryopteris dilatata</i>	III	+	1	+	+	+	+	IV	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	III	IV	V	IV	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Quercus petraea</i>	I	-	-	-	1	-	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	V	V	I	I	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Quercus x rosacea</i>	I	-	-	-	1	-	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	II	II	I	I	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Fagus sylvatica</i>	I	-	4	-	1	-	2	-	3	-	-	II	-	-	-	III	III	II	-	-	V	V	V	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Polystichum setiferum</i>	I	-	+	-	-	-	-	II	I	-	IV	-	-	-	-	-	-	-	+	I	+	I	II	-	-	-	+	+	+	+	+	
<i>Solidago virgaurea</i>	I	+	+	+	1	+	+	-	+	-	III	V	-	-	-	-	-	-	III	III	II	III	-	+	-	-	+	+	+	+	+	
<i>Arenaria montana</i>	I	-	-	-	-	-	-	-	-	III	-	-	-	-	-	-	-	-	-	I	-	-	+	II	II	2	III	-	II	+	III	
<i>Hedera helix</i>	-	-	-	-	-	-	-	IV	-	III	V	V	V	1	+	III	IV	V	-	III	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Fraxinus excelsior</i>	+	-	-	-	-	-	-	+	r	-	-	-	-	-	-	-	-	-	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Hypericum androsaemum</i>	+	-	-	-	-	-	-	+	+	+	III	-	-	-	-	-	-	-	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
<i>Helleborus occidentalis</i>	-	-	-	-	-	-	-	+	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	
<i>Crepis lampsnoides</i>	I	-	-	-	-	-	-	-	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	I	II	II	I	-	-	-	-	+	+	+	+	
<i>Dryopteris filix-mas</i>	I	-	-	-	-	-	-	II	I	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	III	III	I	I	-	+	-	-	-	-	-	-	
<i>Saxifraga spathularis</i>	III	-	-	-	-	-	-	III	-	II	-	-	-	-	-	-	-	-	-	IV	III	IV	II	-	-	-	-	+	+	+	+	
<i>Physospermum cornubiense</i>	II	-	-	-	-	-	-	II	-	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	I	+	I	II	II	2	II	IV	II	II	II	II	
<i>Hedera hibernica</i>	V	-	1	1	2	1	1	-	V	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	IV	V	V	III	3	IV	V	V	V		
<i>Hyacinthoides non-scripta</i>	I	-	-	-	-	-	-	-	-	+	-	-	-	-	-	-	-	-	-	+	-	I	I	-	-	-	-	+	+	+	+	
<i>Dryopteris affinis</i>	III	1	2	1	3	-	1	II	V	+	III	-	-	-	-	-	-	-	-	+	+											

Columna	1a	1b	1c	1d	1e	1f	1g	1h	2a	2b	2c	3a	3b	3c	3d	3e	3f	3h	3i	4	5	6	7	8a	8b	9a	9b	10a	10b	11	12		
<i>Ruscus aculeatus</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	V	+	.	.	II	III	.	.	.	.	I	.	.	.	IV	I	III	2	III	III	V	.	.		
<i>Hieracium umbellatum</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	1	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		
<i>Laurus nobilis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	II	V	III	.	.		
<i>Rubia peregrina</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	I	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	II	.	.	.			
<i>Arbutus unedo</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	1	III	.	.			
<i>Stachys officinalis</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	III	IV	1	+	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+		
<i>Lysimachia nemorum</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	I	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	I	
<i>Salix atrocinerea</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	+	I
<i>Hieracium sabaudum</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	I
<i>Potentilla sterilis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	I	.	.	.	.	
<i>Vicia sepium</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	+	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Sorbus aria</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	+	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Smilax aspera</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	I	.	.	.	.	
<i>Ajuga reptans</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Davallia canariensis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Hieracium murorum</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Carex sylvatica</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Woodwardia radicans</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Cystopteris fragilis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Viola gr. sylvestris</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	III	.	.	.	.	.	IV	.	I	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Luzula forsteri</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	+	
<i>Veronica officinalis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	V	.	II	.	+	II	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	I	
<i>Conopodium majus</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	
<i>Saxifraga hirsuta</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Daphne laureola</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Cornus sanguinea</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Sorbus torminalis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+
<i>Quercus ilex</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	r	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Prunus spinosa</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	1	.	.	.	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Festuca heterophylla</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Acer campestre</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Sorbus intermedia</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Ulex cantabricus</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Populus tremula</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Phyllitis scolopendrium</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Veronica montana</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Milium effusum</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Helleborus foetidus</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Genista falcata</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Galium rotundifolium</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Anemone trifolia</i> subsp. <i>albida</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Laserpitium thalictroides</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Aquilegia dichroa</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Lilium martagon</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Hieracium bourgaei</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Carex caryophylla</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	
<i>Quercus x andegavensis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Quercus suber</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Daphne gnidium</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	II	.	.	.	
<i>Carex distachya</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Cistus psilosepalus</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Cistus salviifolius</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Osyris alba</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<b>Compañeiras</b>																																	
<i>Pteridium aquilinum</i>	IV	1	1	2	.	1	1	IV	IV	1	IV	V	V	V	4	.	V	V	V	III	III	II	III	III	V	IV	3	IV	V	V	V	III	
<i>Rubus</i> sp.	V	.	+	+	+	1	r	I	IV	r	III	IV	III	.	2	.	V	IV	III	III	II	IV	III	III	V	I	2	III	V	IV	IV	I	
<i>Daboecia cantabrica</i>	II	+	.	2	+	3	1	.	II	1	III	V	IV	III	+	.	II	II	IV	III	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Frangula alnus</i>	IV	+	+	1	+	1	1	I	IV	+	III	IV	II	1	.	.	III	II	II	II	II	II	II	II	+	II	1	III	V	IV	+	III	
<i>Agrostis capillaris</i>	I	2	.	.	.	1	+	.	I	+	II	IV	III	II	.	1	II	II	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Potentilla erecta</i>	I	.	.	.	.	1	+	+	.	+	+	II	V	III	2	.	II	I	III	+	.	.	.	.	.	.	+	1	I	+	II	+	II
<i>Erica arborea</i>	V	+	.	1	.	+	.	.	IV	+	III	IV	.	.	.	.	.	.	.	I	I	V	IV	III	II	IV	III	1	III	II	III	+	III
<i>Crataegus monogyna</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	III	IV	II	2	+	I	II	IV	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Pseudarrhenatherum longifolium</i>	I	1	.	.	.	1	.	.	I	.	+	.	III	III	.	.	.	.	I	V	II	+	.	.	.	.	2	II	IV	II	.	I	
<i>Pyrus cordata</i>	III	.	.	.	.	.	.	.	III	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	III	II	.	.	.	.	.	.	2	II	V	IV	III	III
<i>Digitalis purpurea</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	I	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	I	I	+	.	.	.	.	.	1	II	III	II	+	II
<i>Anthoxanthum odoratum</i>	I	+	.	.	.	.	.	+	I	.	III	.	+	.	.	.	.	.	I	II	III	II	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Ulex gallii</i>	I	.	.	1	+	.	.	.	r	.	.	III	II	.	.	.	.	.	.	II	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Asphodelus</i> sp.	II	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	+	II	+	.	.	.	II	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Brachypodium sylvaticum</i>	I	.	.	.	.	.	.	+	I	.	III	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Carex pilulifera</i>	I	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.
<i>Brachypodium rupestre</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	III	II	3	.	.	.	IV	III	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Calluna vulgaris</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	IV	I	.	.	.	.	.	V	IV	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Erica cinerea</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	I	.	II	IV	II	.	.	.	.	.	.	II	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Erica vagans</i>	I	.	.	.	.	2	1	.	+	.	.	.	V	IV	2	.	.	.	IV	V	V	.	.	.	.	.	.	1	.	.	.	.	
<i>Omphalodes nitida</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II	II	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Ulex europaeus</i>	I	.	.	.	.	.	.	+	II	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Cirsium filipendulum</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Lithodora prostrata</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Agrostis curtisii</i>	I	.	.	.	.	.	.	.	.	.	II																						

Columna	1a	1b	1c	1d	1e	1f	1g	1h	2a	2b	2c	3a	3b	3c	3d	3e	3f	3h	3i	4	5	6	7	8a	8b	9a	9b	10a	10b	11	12
<i>Festuca rubra</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.			.	.	.	.		.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.
<i>Fragaria vesca</i>	.	.	.	.	.	.	.		+	.	+	.	.		.	+	.	.		.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	
<i>Centaurea nigra</i>	.	.	.	.	.	.	.		+	.	.	.	.		.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	+	+	.	.	+	.	
<i>Dactylis glomerata</i>		.	.	.	.	.	.		.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.	2		.			
<i>Geranium robertianum</i>		.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.		.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.	+		.	.	
<i>Rumex acetosa</i>		.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.	.		+		.	.
<i>Serratula seoanei</i>		.	.	.	.	.	.		+	r	.	.	.		.	+	.	+	.	.	.	.	.	.	.	1	.	.	.	.	
<i>Danthonia decumbens</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.			.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.	.	.	.	
<i>Galium saxatile</i>		.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.		.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	
<i>Hypochoeris radicata</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.		.	.	.		.	+	.	.	.	.	.		.	+	.		
<i>Linaria triornithophora</i>	.	.	.	.	.	.	.	+		.		.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	

**Táboa 2 cont.-** Táboa florística sintética de diversos tipos de bosques cántabro-euskaldúns, galaico-asturianos e galaico-portugueses (exclúense as compañeiras presentes en menos de 8 columnas)

Taxóns de baixa presenza característicos de alianza, orde e clase: en **1a**: *Conopodium pyrenaicum*: +; en **1h**: *Conopodium pyrenaicum*: +; en **2c**: *Melica uniflora*: +; *Moehringia trinervia*: +; *Poa nemoralis*: +; en **4**: *Salix caprea*: +; en **5**: *Melica uniflora*: +; en **6**: *Lamium galeobdolon*: +; en **7**: *Allium ursinum*: +; *Cardamine impatiens*: +; *Conopodium pyrenaicum*: +; *Galium odoratum*: +; *Scilla lilio-hyacinthus*: +; en **9b**: *Melica uniflora*: +; en **12**: *Melica uniflora*: +; *Poa nemoralis*: +.

Procedencia da información recopilada :

**1: *Blechno spicant-Quercetum roboris* subas. *dryopteridetosum aemulae***

1a: columna sintética a partir das tábs. 8a, 8b e 8c deste traballo.

1b: Monte Roblidiello, baixada a La Presanca (Piloña, Asturias; 30T 310/4792).

1c: Entre La Presanca e a Mallada Degoës, monte El Muñizón (Piloña, Asturias; 30T 311/4792).

1d: Puentenansa (Rionansa, Cantabria; 30T 385/4790).

1e: Val do Arroyo de Montea (Ruento, Cantabria; 30T 394/4791).

1f: Entre Fresneda e El Tojo (Los Tojos, Cantabria; 30T 395/4780).

1g: Parque Natural Saja-Besaya, Bárcena Luenga (Ruento, Cantabria; 30T 402/4787).

1h: columna sintética a partir de Martínez García *et al.* (1974): táb. pax. 72-73: invs. 2 e 5 e Navarro (1974): táb. XXI: invs. 1-7 e 11.

**2: *Blechno spicant-Quercetum roboris* subas. *lauretosum nobilis***

2a: columna sintética a partir das tábs. 9a e 9b deste traballo.

2b: Puentenansa (Rionansa, Cantabria; 30T 385/4790).

2c: columna sintética a partir de Martínez García *et al.* (1974): táb. pax. 72-73: invs. 1,3,4 e 6, e Navarro (1974): táb. XXI: invs. 8-10.

**3: *Hyperico pulchri-Quercetum roboris***

3a: Onanindía Olalde (1986): táboa 5: 8 invs.

3b: Herrera Gallástegui (1995): táb. 80: 18 invs.

3c: Braun-Blanquet (1967): táb. 29: inv. 1,2,4,5,21 e 23).

3d: Jaunsaras (Ulzama, Navarra), Rivas-Martínez *et al.* (1991): táb. 22: inv. 4.

3e: Arraiz (Navarra), Báscones (1978): táb. 19: inv. 3.

3f: Rivas-Martínez *et al.* (1984b): táb. 1: 6 inv.

3h: Catalán (1987): táb. 2: 34 invs.

3i: Loidi *et al.* (1997): táb. 9: 16 invs.

**4: *Luzulo henriquesii-Quercetum petraeae* subas. *quercetosum petraeae***

columna sintética a partir de Fernández Prieto & Vázquez (1987): táb. 1: invs. 1-11; e Silva-Pando (1990): táb. 9: inv. 6.

**5: *Luzulo henriquesii-Quercetum petraeae* subas. *fagetosum sylvaticae***

columna sintética a partir de Fernández Prieto & Vázquez (1987): táb. 1: invs. 19-22; Rodríguez Guitián *et al.* (2000): táb. 1: inv. 4-7; e Silva-Pando (1990): táb. 13: inv. 3.

**6: *Saxifrago spathularidis-Fagetum sylvaticae* subas. *fagetosum sylvaticae***

columna sintética a partir de Rodríguez Guitián (2006): táb. 2: 16 inv.; Rodríguez Guitián *et al.* (2003): táb. VII: inv. 54; e Rodríguez Guitián *et al.* (2003): táb. VIII: invs. 17, 20, 24, 35, 36, 39, 40, 43, 45 e 47-60.

**7: *Saxifrago spathularidis-Fagetum sylvaticae* subas. *sorbetosum aucupariae***

columna sintética a partir de Rodríguez Guitián (2006): táb. 1: 29 inv., Rodríguez Guitián *et al.* (2003): táb. VII: invs. 1-15, 18, 19, 21-23, 25-28, 29-31, 33, 37, 38, 41, 44 e 46, e Rodríguez Guitián *et al.* (2003): táb. VIII: invs. 16, 28, 32, 34 e 42.

**8: *Lonicero periclymeni-Quercetum pyrenaicae***

8a: columna sintética a partir dos inventarios da táb. 10 deste traballo.

8b: columna sintética a partir dos inventarios de Silva-Pando (1990): táb. 11: 1, 4, 8, 10-17 e inventario pax. 293, Rodríguez Guitián *et al.* (2000): táb. 5: 3 invs., e Rivas Martínez *et al.* (2002): inv. pax. 142.

**9: *Rusco aculeati-Quercetum roboris* subas. *violetosum riviniana***

9a: columna sintética a partir dos inventarios da táb. 10 deste traballo.

9b: columna sintética a partir de Dantas Barreto (1958): cadro XXIV: inv. 37; Casaseca (1959): táb. Páx. 348bis: invs. 1, 3, 5 e 6; Bellot Rodríguez (1968): cadro 17: invs. 7 e 8; Amigo & Romero (1994): táb. 6: inv. 1, 10-12, 14-17; Amigo *et al.* (1998): táb. 2: inv. 1-8, 11, 12 e 14; e Pulgar Sañudo (1999): táb. 2: inv. 18.

**10: *Rusco aculeati-Quercetum roboris subas. quercetosum suberis***

10a: columna sintética a partir dos inventarios da táb. 10 deste traballo


10b: columna sintética a partir de Pinto da Silva et al. (1950): cadro I: inv. 508; Rivas Goday (1950): táb. páx. 451-453: 3 invs. e táb. páx. 355-356: 3 invs.; Dantas Barreto (1958): cadro XXIV: invs. 5, 31, 32 e 36; Bellot Rodríguez (1968): cadro 18: inv. 11 e cadro 23: invs. 1-15, 17 e 20; Losa Quintana (1973): táb. 1: invs. 3 e 6; Amigo & Romero (1994): táb. 6: inv. 2-5, 7-9, 13, 18 e 19; Amigo et al. (1998): táb. 2: invs. 9,10,13 e 15 e táb. 3: 19 invs.; Pulgar Sañudo (1999): táb. 2: invs. 1-13 e 15-17 e táb. 3: inv. 2.

**11: carballais chairegos (sen adscripción fitosociolóxica)**

columna sintética a partir dos inventarios da táb. 10 deste traballo.

**12: *Myrtillo-Quercetum roboris*.**

columna sintética a partir dos inventarios de Pinto da Silva et al. (1950): cadro I: invs. 504, 505 e 522; Dantas Barreto (1958): cadro XXVI: invs. 2-4, 6, 10-15, 17, 19, 20, 22-26, 29, 38-43; Bellot Rodríguez (1968): cadro 16: invs. 1-6, 9,10,12 e 15 e cadro 18: invs. 2,12 e 14; Dalda González (1972): cadro 11: 5 invs.; Amigo & Romero (1994): táb. 6: inv. 6; Izco et al. (1994): táb. VIII: invs. 1 e 4; Amigo et al. (1998): táb. 2: inv. 16; Pulgar Sañudo (1999): táb. 2: invs. 14, 19 e 20; táb. 3: invs. 1 e 3-5.



**Figura 5.-** Distribución actual de *Fagus sylvatica* no extremo noroccidental ibérico e áreas de extinción recente (<3.000 anos). Modificado de Rodríguez-Guitián et al. (2001)

A faia é unha árbore presente igualmente nas áreas costeiras centro-orientais cantábricas, dentro dos bosques da asociación cántabro-euskalduna *Hyperico pulchri-Quercetum roboris* (cf. Rivas-Martínez et al. 1984a, 1984b; Aseginolaza Iparagirre et al. 1996, Loidi Arregui et al. 1997), descrita orixinalmente coma un carballedo acidófilo dominado por *Q. robur* (táboa 2). Nestes casos *Fagus sylvatica* aparecería en situacións de ecotono cos faiais acidófilos cántabro-euskaldúns (*Saxifraga hirsutae-Fagetum sylvatica*) ou en áreas baixas cando localmente se acadara unha pluviometría suficientemente elevada. Por outro lado, coñécese a existencia de faiais a altitudes considerablemente baixas (100-500 m) ao longo da metade

oriental da área de estudo (Rodríguez Guitián et al. 2003) que teñen continuidade nos territorios litorais e sublitorais ovetenses e cántabro-euskaldúns (Loidi Arregui 1983, Loidi Arregui et al. 1997, Rodríguez Guitián 2006). Estas razóns nos parecen suficientes para plantexar que a faia debe ser considerada coma una especie máis integrante do cortexo florístico dos carballedos aquí estudados, cando menos alí onde existan condicións climáticas axeitadas para o seu desenvolvemento, debéndose a súa ausencia actual na metade occidental do subsector cantábrico occidental á actividade deforestadora antrópica e non a factores ambientais.

## Interpretación fitosociológica segundo os antecedentes existentes

En primeira instancia, realizouse a interpretación fitocenótica das mostras de bosques estudados tendo en conta os criterios florísticos propostos por Izco et al. (1990) e Rivas-Martínez et al. (2002), obténdose o adscrición dos inventarios en función das combinación de especies diferenciais presentes que se amosa na táboa 3. Como se pode apreciar, o conxunto de inventarios con maior representación (94 mostras, 42,9%) responden á combinación florística descrita para a asociación *B-Q*, comunidade vexetal na que, até este momento, se veñen incluíndo á totalidade de carballais presentes no territorio estudado. A pesares delo, case a metade dos inventarios (102 mostras, 46,5% do total) non cumpren estritamente os criterios florísticos de diferenciación empregados por presentar combinacións florísticas nas que se mesturan especies diferenciais de dúas ou tres asociacións, mentras que ningunha das mostras presenta as especies que no seu día foron propostas para discriminar os carballais da asociación *Myrtillo-Quercetum roboris* (*M-Q*). Por último, un conxunto de 23 mostras (10,5% do total) carece de todas as especies diferenciais propostas polos diferentes autores.

Combinacións de especies diferenciais	Nº inv.	%
Exclusivamente <i>B-Q</i>	94	42,9
Exclusivamente <i>R-Q</i>	4	1,8
Exclusivamente <i>L-Q</i>	28	12,8
Exclusivamente <i>M-Q</i>	0	0,0
<i>B-Q+R-Q</i>	15	6,8
<i>B-Q+L-Q</i>	46	21,0
<i>R-Q+L-Q</i>	3	1,4
<i>B-Q+R-Q+L-Q</i>	6	2,7
Sen especies diferenciais	23	10,5
<b>Total</b>	<b>219</b>	<b>100</b>

**Táboa 3.-** Resultado da asignación sintaxonómica a nivel de asociación das mostras estudadas tendo en conta os grupos de especies diferenciais da táboa 1

A coexistencia de taxóns diferenciais de unidades sintaxonómicas diferentes no mesmo inventario tamén se observa cando se fai unha análise semellante para as subasociacións descritas dentro da asociación *B-Q* (táboa 4), pois case o 50% dos inventarios que se poderían incluír nesta comunidade amosan a coexistencia de plantas diferenciais de dúas ou tres subasociacións. Estes resultados reflexan unha certa situación de desorde dentro do esquema fitosociolóxico actualmente vixente no que atinxe aos bosques estudados, podéndose resumir as causas dos desaxustes observados nas seguintes:

- a descrición de comunidades e a elección de grupos de taxóns diferenciais baseadas nun número baixo de inventarios.
- a existencia de deficiencias no coñecemento da coroloxía de numerosos taxóns, o que acarrea discrepancias entre as diagnoses orixinais das comunidades e o coñecemento derivado de novas observacións.
- a descrición de comunidades baseada na presenza de especies de baixo valor diagnóstico en ambientes

memorais, como taxóns heliófilos cuxo óptimo se atopa en matogueiras frecuentes no entorno dos bosques estudados.

- a ausencia de datos sobre comunidades próximas coas que se necesita establecer diferenzas florísticas e, como consecuencia, o recurso á comparación con sintaxóns descritos en áreas xeográficas lonxanas, que responden a características bioclimáticas e bioxeográficas ben distintas.

- o emprego de criterios non homoxéneos na escollo do rango sintaxonómico a aplicar para as comunidades definidas.

Quizás as eivas que conlevan unha maior problemática na aplicación da metodoloxía fitosociolóxica de entre as sinaladas sexan as dúas primeiras, en especial cando aparecen de xeito combinado. A descrición de unidades básicas (asociacións) a partir dun número reducido de mostras (inventarios florísticos) é unha práctica que adoita inducir á definición de comunidades vexetais pouco consistentes, tanto no relativo ás súas especies características e diferenciais, como no relativo á súa ecoloxía ou distribución xeográfica, na liña do comentado por Izco (1994). Desgrazadamente, esta situación non se restrinxe ao ámbito de estudo, senón que afecta, en maior ou menor medida, á totalidade de áreas xeográficas nas que se ten aplicado este método de análise da vexetación a escala mundial. Para tratar de paliar esta situación, o Código Internacional de Nomenclatura Fitosociolóxica (Weber et al. 2000) recomenda que a descrición e tipificación das unidades básicas se realice en base a un número mínimo de 10 localidades de inventario, repartidas ao longo dun área xeográfica suficientemente extensa como para que se recolla a variabilidade existente na comunidade e se poda recoñecer unha combinación mínimamente constante de especies características ligadas a unhas certas condicións ambientais ou territorio bioxeográfico. No caso que nos ocupa, o número mínimo recomendado parece claramente insuficiente se se ten en conta a amplitude xeográfica do territorio, que ronda os 7.000 km<sup>2</sup>.

A ausencia de criterios coherentes e fundamentados á hora de propoñer o estatus sintaxonómico das diversas combinacións florísticas descritas provoca, no caso aquí tratado, dificultades de asignación de inventarios a comunidades debido á coexistencia en moitas das mostras de especies diferenciais que foron propostas con carácter excluínte. Este problema obsérvase tanto a nivel de asociación como de subasociacións, pero é especialmente frecuente con relación aos subsintaxóns tipificados dentro da asociación *Blechno spicant-Quercetum roboris*. En gran medida, esta situación teríase evitado se, en lugar de otorgar un mesmo estatus a algunhas das combinacións florísticas descritas (subasociacións *dryopteridetosum aemulae*, *lauretosum nobilis*, *pulmonarietosum longifoliae*), éstas foran xerarquizadas tendo en cota a amplitude xeográfica e ecolóxica dos factores ambientais causantes das indicadas combinacións florísticas diferenciadas. Así, parece obvio que o grao de termicidade dun territorio debería ter unha consideración de rango xerárquico superior como causa de modificación da composición



florística dunha comunidade (diferenciación entre a subas. *dryopteridetosum* e a *lauretosum* no caso que nos ocupa) que as modificacións locais debidas á un incremento no contido en bases do solo dentro dun ambiente xeral de pobreza en nutrientes (subas. *pulmonarietosum longifoliae*). Ademais, é necesario ter en conta que as causas ecolóxicas que xustifican as variacións florísticas representadas polas subasociacións comentadas non son excluíntes, pois se

deben a factores independentes. Isto explica que na práctica, e aténdonos exclusivamente a os factores termométricos e nutricionais, conséntase a existencia de bosques cuxa composición florística pode corresponder a catro situacións resultado da combinación dos devanditos factores: bosques termófilos e oligotrofos, bosques termófilos e mesotrofos, bosques non termófilos e oligotrofos e bosques non termófilos e mesotrofos.

Combinacións de especies diferenciais	Nº inv.	%
subas. <i>dryopteridetosum aemulae</i>	25	15,5
subas. <i>hieracietosum umbellatae</i>	38	23,6
subas. <i>lauretosum nobilis</i>	16	9,9
subas. <i>pulmonarietosum longifoliae</i>	3	1,9
subas. <i>fagetosum sylvaticae</i>	2	1,2
subas. <i>hieracietosum + lauretosum</i>	35	21,7
subas. <i>hieracietosum + pulmonarietosum</i>	1	0,6
subas. <i>hieracietosum + fagetosum</i>	9	5,6
subas. <i>lauretosum + pulmonarietosum</i>	3	1,89
subas. <i>lauretosum + fagetosum</i>	7	4,3
subas. <i>hieracietosum + lauretosum + pulmonarietosum</i>	14	8,7
subas. <i>hieracietosum + lauretosum + fagetosum</i>	6	3,7
subas. <i>hieracietosum + pulmonarietosum + fagetosum</i>	2	1,2
<b>Total</b>	<b>161</b>	<b>100</b>

**Táboa 4.-** Resultado da asignación sintaxonómica a nivel de subasociación das mostras estudadas que conteñen especies diferenciais da asociación *Blechno spicant-Quercetum roboris* segundo os criterios de Izco et al. (1990) e Díaz González & Fernández Prieto (1994)

O exemplo de comunidade de máis difícil encaixe nalgunha das descritas é o da subasociación *fagetosum sylvaticae* dos carballeiros B-Q, descrita por Díaz & Fernández Prieto (1994a). Dito subsintaxón tería como única especie diferencial a *Fagus sylvatica*, cuxa aparición nos bosques estudados daríase en “territorios colinos superiores (mesotemperados superiores) ou montanos (supratemperados)” cun bioclima “alomenos hiperhúmido” ao tratarse dunha especie presuntamente “de montaña”. Sobre esta atribución autoecolóxica para a faia lembramos o comentado nun apartado anterior sobre a súa distribución altitudinal e bioclimática na área de estudio e convidamos ao lector á consulta dos nosos anteriores traballos sobre os faiais litorais e sublitorais da Cornixa Cantábrica (Rodríguez Guitián et al 2003, Rodríguez Guitián 2006). Ademais de ser incongruente o razoamento que leva a utilizar a *Fagus sylvatica* como especie diferencial desta comunidade, o inventario no que se fundamenta a súa descrición contén diversas especies pouco tolerantes ao frío entre as que se atopa *Laurus nobilis*, escollida previamente por Izco et al. (1990) xunto con outras especies termófilas, como diferenciais da subasociación *lauretosum nobilis*. Nesta situación, ¿cal é o criterio prevalente á hora de adscribir un inventario como este a algunha das dúas subasociacións comentadas?

Sen sairmos da mentada asociación B-Q, o caso da subasociación *hieracietosum umbellatae* destas carballeiras, de distribución exclusivamente ovetense (cf. Tüxen & Oberdorfer 1958, Rivas-Martínez 1987, Díaz González & Fernández Prieto 1994a), ofrece igualmente unha gran inconsistencia en canto ao seu fundamento florístico. Os seus autores sinalan como especies diferenciais fronte á subasociación típica (*dryopteridetosum aemulae*) taxóns como *Viola riviniana*, *Potentilla erecta*, *Hieracium umbellatum* e *Betula pubescens*. Sen embargo, esta suposta segregación florístico-xeográfica choca coa presenza, en maior ou menor medida, de ditas especies nas

carballeiras galaico-asturianas analizadas, ademais de que se trata de taxóns que poden estar ausentes dentro dos carballeiros ovetenses, como se acredita observando as táboas florísticas publicadas, entre outros autores, por Martínez García et al. (1974) e Navarro (1974)(táboa 2). Por elo estimamos que esta subasociación carece de sustento en base á información actualmente dispoñible.

Outro problema diferente o plantexa a escasa representatividade que, ao noso xuízo, ten a escueta táboa de tres mostras que inclúe o inventario tipo da subasociación *pulmonarietosum longifoliae* destes carballeiros, definida como unha comunidade situada en “posiciones de vaguada o de fondo de valle de mayor trofía y fresca de suelo” (Izco et al. 1990). Aquí atopámonos coa paradoxa de que o seu inventario tipo corresponde fisionómicamente a un abeledo, pois *Corylus avellana* domina claramente o estrato superior (índice 5.4), mentras que o carballo (*Quercus robur*) ten unha presenza anecdótica (índice r). Esta estrutura distante da dun carballeiro tamén se aprecia noutro dos inventarios da táboa na que se fundamenta a diagnose desta comunidade, mentras que o terceiro parece axustarse máis ao aspecto que podería esperarse para un bosque da área de estudo que medre nas condicións anteriormente mencionadas.

Dificultades de interpretación doutra índole son as derivadas da utilización de plantas cuxo óptimo ecolóxico non se atopa en formacións arboradas como especies discriminantes de tipos diferentes de bosques. Neste caso, o seu valor fitosociolóxico é cuestionable, sobre todo cando se trata de especies de ampla distribución territorial. Isto ocorre cos bosques descritos por Rivas-Martínez et al. (2002) baixo a denominación de *Lonicero periclymeni-Quercetum pyrenaicae*, que se diferenciarían doutros tipos de robeleiras e carballeiros pola presenza neles dun conxunto florístico constituído, entre outras especies, por plantas típicas de matogueiras (*Cytisus striatus*, *Daboecia*

*cantabrica*, *Luzula lactea*, *Ulex gallii*) e microbosques esclerófilos (*Arbutus unedo*). Moitos destes taxóns teñen, desde a nosa perspectiva, un escaso valor diagnóstico no extremo noroccidental ibérico aos efectos que se lles atribúe, pois se trata de especies que atopan o seu óptimo ecolóxico en formacións arbustivas máis ou menos influenciadas por actividades humanas (lumes periódicos, pastoreo, etc.) e unha distribución xeográfica que sobrada amplamente a establecida para as comunidades arboradas ás que se pretenden ligar. Problemas semellantes poderían achacarse aos conxuntos de especies diferenciais propostos polos autores mencionados para separar estes bosques dos carballais galaico-asturianos (*Galium scabrum*, *Luzula lactea*, *Quercus pyrenaica*) e galaico-portugueses (*Asplenium adiantum-nigrum*, *Avenella flexuosa*, *Melampyrum pratense*, *Saxifraga spathularis*, *Vaccinium myrtillus*)(cf. Izco et al. 1990, Amigo et al. 1998).

En último lugar, a escaseza de datos sobre as representacións boscosas que establecen contacto coas carballeiras estudadas cara o límite meridional da parte occidental da área de estudio (Subsector Ourensano-Lugués), ata o de agora asignadas á asociación *Myrtillo-Quercetum roboris* (cf. Rivas-Martínez 1987, Izco 1987, Izco et al. 1994, Amigo et al. 1998), dificulta a valoración axeitada das posibles diferencias que poidan existir entre elas. A maioría dos inventarios dispoñibles en territorio galego desta comunidade proceden das montañas limítrofes entre Ourense e o norte de Portugal (serras de Peneda e Xurés-Gerês), moi alonxadas xeograficamente e con condicións climáticas bastante diferentes das da área de estudio, polo que, *a priori*, poderían presentar diferencias florísticas máis ou menos patentes cos carballais existentes na Terra Chá luguesa. Segundo os autores orixinais deste sintaxón (Pinto da Silva et al. 1950), *Vaccinium myrtillus*, *Rubus lusitanicus*, *Galium rotundifolium*, *Laserpitium thalictrifolium*, *Eryngium juessianum* e *Picris longifolia* permitirían diferenciar este tipo de carballeiras de distribución supratemperada das termo-mesotemperadas dos pertencentes á asociación *Rusco-Quercetum roboris*, criterio que manteñen a grandes rasgos diversos autores posteriores (Dantas Barreto 1958, Izco et al. 1990, Silva-Pando 1991a, 1991b, 1991c; Pulgar Sañudo 1999). A estas especies poderíase engadir, seguido a Izco et al. (1990), *Anemone trifolia* subsp. *albida*, herba nemoral cuxo límite setentrional coñecido sitúase na metade sur da Dorsal Galega. Aínda admitindo este conxunto de especies diferenciais, a composición florística dos escasos inventarios que se posúen de áreas lucenses próximas ao territorio aquí estudado (cf. Izco et al. 1994) non permite a súa identificación clara coas carballeiras supratemperadas galaico-portuguesas da asociación *Myrtillo-Quercetum roboris*, manténdose, polo de agora, a incógnita sobre a súa identidade fitosociolóxica.

### Necesidade dunha nova interpretación

Todo o comentado ata o momento pon en evidencia a necesidade de revisar os criterios sobre os que se ven fundamentando a interpretación fitosociolóxica dos bosques dominados por quercíneas dentro da área de estudio. Esta

reinterpretación debe ter en consideración que os principais factores ambientais que condicionan a composición florística dos carballais estudados, e que establecen a principal diferenza co resto de bosques de quercíneas do seu entorno, son o forte carácter oceánico do clima e a existencia nos territorios litorais galaico-asturianos dunha humidade ambiental elevada durante a época estival causada pola condensación recorrente de masas nubosas orixinadas no Mar Cantábrico. Estas especiais condicións bioclimáticas reducen considerablemente as taxas de ETP e a demanda hídrica dos vexetais (Carral et al. 1983, Martínez Cortizas & Castillo Rodríguez 1996) á vez que permiten que os solos se manteñan frescos e cun contido elevado de agua durante o verán, favorecendo a presenza de certas especies nemorais de carácter higroesciófilo, entre as que destaca un extenso grupo de pteridofitas (cf. Allorge & Allorge 1941, Viane et al., 1987, Amigo & Norman 1993, 1995; Boudrie 1998, Quintanilla & Amigo 1999a, 1999b; Quintanilla et al. 2002). Así, ademais das especies de fentos propostas por Izco et al. (1990) como diferenciais da asociación *Blechno-Quercetum roboris* (*Athyrium filix-femina*, *Dryopteris aemula*, *D. dilatata*, *Osmunda regalis*) poderíanse utilizar para distinguir estes bosques doutros tipos de carballais de carácter máis xérico ou menos oceánico, especies como *Dryopteris filix-mas*, *Lastrea limbosperma*, *Davallia canariensis*, *Cystopteris fragilis*, *Hymenophyllum tunbrigense* ou *Woodwardia radicans*. Asemade, poden empregarse cun carácter discriminante semellante algúns taxóns leñosos frecuentes nos claros forestais e matogueiras que se intercalan entre os bosques dos territorios cantábricos occidentais, como *Erica mackaiana* e *Cytisus commutatus*, ausentes por completo dos sectores Galaico-Portugués, Galaico interior e Altonarceense-Ancarés.

Por outro lado, a proximidade ao mar de gran parte do territorio bioxeográfico considerado exerce un efecto modulador das temperaturas ao longo do ano favorecendo a presenza dun importante número de especies termófilas nos bosques estudados (*Rubia peregrina*, *Smilax aspera*, *Ruscus aculeatus*, *Laurus nobilis*, *Arbutus unedo*, *Asplenium onopteris*, *Tamus communis*). Sen embargo, estes taxóns xa non aparecen, salvo en enclaves especialmente protexidos, nos carballais de territorios bioxeográficos máis meridionais (subsectores Chairego, Ancarés e Narceense), sometidos a un clima de menor termicidade e maior continentalidade. Por elo, esta vinculación bioclimático-florística pode ser utilizada ventaxosamente para discriminar tipos de bosques fisionómicamente parecidos dunhas e outras áreas. Non obstante, este valor diferencial pérdese cando se enfrontan os carballais termófilos galaico-asturianos e os galaico-portugueses da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*. Neste caso, como se pode comprobar analizando a composición florística global da *Rusco-Quercetum* aportada por Amigo et al. (1998)(táboa 2), a diferenciación entre estes dous tipos de bosques ven dada pola presenza/ausencia do grupo de especies higro-esciófilas anteriormente comentadas, cuxos biotopos axeitados desaparecen progresivamente en sentido N-S ao longo do

Golfo Ártabro, cando o ambiente atmosférico estival perde a influencia das néboas e os días de orballo característicos do N das provincias de A Coruña e Lugo.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os bosques dominados por quercíneas máis amplamente difundidos nos territorios cantábricos occidentais aquí tratados (*Blechno spicant-Quercetum roboris*) terían como características florísticas diferenciais respecto dos carballais acidófilos galaico-portugueses (*Rusco-Quercetum* e *Myrtillo-Quercetum*) e as reboleiras naviano-ancarenses meso-termófilas (*Lonicero periclymeni-Quercetum pyrenaicae*) as seguintes:

- dominio fisionómico, e a miúdo coexistencia en proporcións variables, de diversos taxóns caducifolios do xénero *Quercus* (*Quercus robur*, *Quercus petraea*, *Quercus x rosacea*); en xeral, *Q. pyrenaica* está ausente nestes bosques aínda que, en situacións especialmente favorables, pode chegar a ser abundante.
- presenza de especies higroesciófilas, entre as que destacan especialmente diversos pteridófitos (*Athyrium filix-femina*, *Blechnum spicant*, *Cystopteris fragilis*, *Dryopteris aemula*, *D. dilatata*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Lastrea limbosperma*, *Osmunda regalis*) e taxóns nemorais como *Saxifraga spathularis*, *Luzula henriquesii* ou *Polygonatum verticillatum*.
- presenza ocasional de certos arbustos (*Erica mackaiana*, *Cytisus commutatus*), frecuentes nas comunidades de substitución destes bosques, exclusivos dos territorios galaico-asturianos.

A partir deste punto, a interpretación fitosociolóxica das combinacións florísticas existentes realizouse tendo en conta a dimensión ecolóxica dos factores causales das combinacións florísticas, na liña do plantexado por Gehu (1998) resultando a correlación entre categorías sintaxonómicas de rango inferior ao de asociación (subasociación, variante, facies, fase) e factores ambientais/aspectos dinámicos que se amosan na táboa 5. Esta proposta difire da planteada por Izco (2004), para quen unha subasociación vexetal pode estar sustentada, a xuízo do investigador, en causas edáficas, topográficas ou ombroclimáticas, con independencia de que o factor causal da diferenciación florística da comunidade en cuestión se manifeste nun ámbito micro, meso ou macroxeográfico. Niste senso, e como xa comentamos, cremos que o criterio que se empregue no establecemento da secuencia xerárquica a utilizar non debe ser arbitrario, senón que debe gardar relación coa importancia que os factores ambientais teñen na modificación florística local das comunidades.

Ademáis, dado que os factores que explican a variabilidade florística das comunidades vexetais acadan unhas intensidades e posibilidades de combinación que se poden delimitar con bastante precisión dentro dun ámbito bioxeográfico concreto, a aplicación do esquema de subunidades xerárquicas que se estableza para unha asociación vexetal determinada debería de ser extrapolable ao resto de comunidades homólogas coas cales comparte similar rango dentro do esquema de unidades sintaxonómicas manexado.

En consecuencia, para o grupo de bosques aquí tratado estableceuse un primeiro nivel de discriminación entre carballais con forte influencia oceánica ("carballais hiperoceánicos"), ricos en especies higro-esciófilas, e outros sometidas a condicións bioclimáticas non favorables para a presenza de ditas especies, xa fose debido a un incremento da continentalidade ou a un descenso apreciable da humidade ambiental durante a época estival. Dentro de cada un destes tipos de bosques poderíanse diferenciar categorías en función da presenza ou ausencia de especies termófilas nos que, á súa vez, cabería distinguir, en función do contido en nutrientes do solo sobre o que se asentan, bosques oligotrofos doutros de tendencia mesotrofa, distinguibles dos primeiros pola presenza de especies neutro-basófilas.

Como resultado da aplicación destes criterios, quedarían segregados en primeiro lugar os carballais incluíbles na asociación B-Q do resto. Dentro destes bosques de carácter máis marcadamente oceánico propoñemos o mantemento de dúas das catro subasociacións que ata o de agora se viñan admitindo dentro desta asociación: a típica (*dryopteridetosum aemulae*), carente de especies termófilas, e a de distribución principalmente termo-mesotemperada inferior (*lauretosum nobilis*), recoñecible pola presenza de taxóns termófilos, como *Asplenium onopteris*, *Arbutus unedo*, *Laurus nobilis*, *Rubia peregrina*, *Ruscus aculeatus* ou *Smilax aspera*. Dentro destes subsintaxóns considérase oportuno diferenciar dúas variantes, típica (oligotrofa) e con tendencia á mesotrofia. Á súa vez, dentro de cada unha destas variantes, cabería diferenciar sendas facies: típica e heliófila, esta última caracterizada pola presenza de *Quercus pyrenaica*. Admitido este esquema, non terían cabida as subasociacións *pulmonarietosum longifoliae*, pois as situacións de maior trofia edáfica interprétanse como variantes, e *fagetosum sylvaticae*, xa que como se discutíu nun apartado anterior, a presenza da faia nos bosques estudados non parece estar ligada a aspectos bioclimáticos, polo que propoñemos á revocación de ambas dúas unidades sintaxonómicas.

Factor causal	Rango fitosociolóxico	Exemplo
Elemento mesoclimático (termotipo)	subasociación	subas. termófila/subas. mesófila
Riqueza en nutrientes do solo	variante	variante oligotrofa/variante mesotrofa
Aspectos microtopográficos	facies	facies heliófila/facies umbrófila
Causas dinámicas/grao de antropización	fase	fase típica/fase de <i>Castanea sativa</i>

**Táboa 5.-** Correspondencia entre factores responsables da variación florística dunha asociación vexetal e o rango fitosociolóxico aplicado neste traballo

Canto aos bosques que carecen de especies higró-eskiófilas (29 inventarios), podería plantexarse a posibilidade de que se tratara de mostrás que por alguha causa particular (pastoreo ou lumes pretéritos, localización en estacións edafo-topográficas especialmente desfavorables para as especies higró-eskiófilas, representación de estadíos forestais xuvenís ou deficientemente estruturados) presentaran unha composición florística alonxada do que se pode considerar máis frecuente dentro dos carballais máis amplamente extendidos no territorio considerado (asociación *Blechno-Quercetum*). A interpretación proposta para estes casos tivo en conta, ademais da súa composición florística, as tipoloxías e combinacións de comunidades relacionadas dinamicamente cos distintos tipos de carballais descritos na área de estudio e territorios limítrofes que se amosan na táboa 6. Segundo esto, o estudo detallado das comunidades non arboradas que se atopan nas inmediacións dos bosques carentes de especies higró-eskiófilas analizados revela que en todo-os casos están ausentes comunidades ligadas exclusivamente aos carballais da *Blechno-Quercetum*, como as xesteiras da *Ulici europaei-Cytisetum commutati*, as matogoeiras baixas da *Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaiana* e as uceiras da *Avenello flexuosae-Ericetum arboreae*.

Seguindo esta argumentación semella razoable incluír os bosques carentes de higró-eskiófitos pero que teñen taxóns termófilos dentro da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, de distribución moi puntual no territorio e, polo que se desprende da orientación dos lugares nos que foron obtidas as mostrás desta comunidade, fortemente vinculada a ladeiras pedregosas de elevada inclinación e con orientación marcadamente soalleira, na liña do xa expresado por Losa Quintana (1973). A diferenciación destes bosques con respecto aos navegos da *Lonicero-Quercetum pyrenaicae* descritos por Rivas-Martínez et al. (2002) parece residir, á vista da escasa información ata o momento dispoñible sobre estes últimos, na ausencia neles de taxóns termófilos presentes na *Rusco-Quercetum*, como

*Daphne gnidium*, *Rubia peregrina*, *Smilax aspera* ou *Laurus nobilis* (táboa 2). Non obstante, estimamos necesario profundizar na colleita de información florística neste último tipo de bosques para ratificar esta hipótese.

A ubicación sintaxonómica definitiva dos carballais existentes ao longo de parte das cabeceiras da área meridional aquí tratada, entre a comarca de Betanzos e o extremo oriental da Terra Chá, que carecen simultaneamente de especies higró-eskiófilas e termófilas así como das comunidades leñosas de substitución ligadas aos carballais da *Blechno-Quercetum* anteriormente mencionadas, e das que se estudaron cinco mostrás situadas en diversos lugares da cabeceira do Río Miño, queda pendente ate a realización de novos traballos. A súa composición florística fai que, polo momento, sexan difíciles de diferenciar dalgúns existentes no tramo medio do Río Eo que interpretamos como pertencentes á asociación *Lonicero-Quercetum pyrenaicae*; en cambio, creemos que se debe rexeitar a súa asimilación cos aspectos menos térmicos da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, debido á total ausencia neles de especies termófilas, e tampouco nos parece axeitado incluílos na asociación *Myrtillo-Quercetum roboris*, tal e como se veu facendo ata o de agora (cf. Rivas-Martínez 1987), pois carecen de moitas das especies que aparecen nos inventarios publicados desta comunidade (táboa 2).

Tal e como se discutíu en apartados anteriores, a reinterpretación que aquí se propón debe aplicarse á totalidade dos territorios Galaico-Asturianos, área dentro da que estes bosques cumpren, en liñas xerais, as condicións florísticas anteriormente enunciadas (táboa 2). Como resumo da proposta reinterpretativa presentada, amósase na táboa 7 unha clave de discriminación florística das comunidades arbóreas identificadas neste traballo dentro do territorio estudado, que coidamos pode ser de utilidade para ubicar sintaxonómicamente as diferentes combinacións florísticas que se poden encontrar no campo destas fitocenoses.

Tipos de etapas seriais	Tipo de bosque				
	B-Q	R-Qv	R-Qq	L-Q	SA
<b>Orlas arbustivas altas</b>					
<i>Frangulo alni-Pyretum cordatae</i>	●	●	●	?	?
<i>Frangulo alni-Arbutetum unedonis</i>	●	---	?	●	---
<b>Uceiras</b>					
<i>Avenello flexuosae-Ericetum arboreae</i>	●	---	---	---	---
<i>Pterosparto cantabrici-Ericetum aragonensis</i>	---	---	---	●	?
<b>Queirogais</b>					
<i>Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaiana</i>	●	---	---	---	---
<i>Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris</i>	---	●	●	---	?
<i>Ulici europaei-Ericetum cinereae</i>	?	●	●	?	●
<b>Xesteiras</b>					
<i>Ulici europaei-Cytisetum commutati</i>	●	---	---	---	---
<i>Cytisetum striati</i> subas. <i>cytisetosum striati</i>	●	●	●	---	●
<i>Cytisetum striati</i> subas. <i>cytisetosum multiflori</i>	---	---	---	●	---
<i>Cytiso scoparii-Genistetum polygaliphyllae</i> subas. <i>cytisetosum multiflori</i>	---	---	---	●	---

●: comunidade vinculada co tipo de bosque correspondente; ---: comunidade non vinculada co tipo de bosque correspondente; ?: datos insuficientes. Acrónimos dos tipos de bosque como na táboa 1, salvo SA: "bosques sen adscripción fitosociolóxica".

**Táboa 6.-** Relación entre os tipos de bosques estudados e os principais tipos de comunidades vexetais leñosas integrantes das súas respectivas series de vexetación. Elaborado a partir de Izco et al. (1990), Díaz González & Fernández Prieto (1994,1996), Izco (1996) y Amigo et al. (1998).

## Caracterización ambiental e florística das comunidades de bosque recoñecidas

A continuación se describe a distribución xeográfica, o ambiente ecolóxico, a composición florística e estrutura dos tipos de bosques mesófilos dominados por especies caducifolias e marcescentes do xénero *Quercus* recoñecidos na área de estudio.

a) Carballais acidófilos galaico-asturianos hiperoceánicos típicos (*Blechno spicant-Quercetum roboris* subas. *dryopteridetosum aemulae*, B-Qd).

As características ambientais e florísticas deste grupo de carballais amósanse nas figuras 6a e 6b e nas táboas 8 e 9. Trátase de bosques distribuídos maioritariamente por territorios de bioclima oceánico e hiperoceánico retirados da beira do mar e por altitudes superiores aos 400 m (figura 6a). En coincidencia con este reparto, desenvólvese principalmente dentro dos termotipos mesotemperado superior e supratemperado e baixo ombrotipos húmedo superior e hiperhúmido inferior. No plano fisiográfico, adoitan situarse en ladeiras de inclinación elevada (terreos escarpados ou moi escarpados na clasificación da FAO) e con exposición variable, aínda que concentrada nas orientacións de compoñente N (figura 6a). A escaseza de bosques en situacións topográficas achairadas e situadas en vertentes soalleiras non debe interpretarse como sinónima de ambientes pouco aptos para este tipo de bosques, senón como consecuencia da deforestación preferente destas posicións para o seu aproveitamento agro-gandeiro.

Os materiais de partida máis representados neste grupo de bosques son a “alternancia de rochas metamórficas silíceas”, “cuarcitas” e “lousas”, estando tamén presentes sobre rochas graníticas, neises “ollo de sapo”, rochas básicas e sedimentos cenozoicos (figura 6b). Sobre estes materiais litolóxicos desenvólvese principalmente solos cun marcado carácter coluvial e escaso grao de diferenciación (regosoles), se ben en partes baixas de ladeira e pequenos recháns nas vertentes poden atoparse cambisoles e, principalmente nas proximidades de cumes montañosos, solos incipientes (leptosoles).

Desde o punto de vista fisionómico, a talla deste conxunto de bosques oscila entre os 8 e os 27 m, situándose a media nos 16,3 m. A cobertura do estrato superior tende a ser elevada (media do 94,8 %), aínda que en ocasións descende ata o 60% (táboa 7). As especies arbóreas máis constantes nestes bosques son *Quercus robur* e *Ilex aquifolium*, sendo algo menos frecuentes *Corylus avellana*, *Betula pubescens* e *Sorbus aucuparia*. De aparición máis esporádica son *Castanea sativa*, *Quercus x rosacea*, *Fagus sylvatica*, *Quercus petraea*, *Quercus pyrenaica*, *Taxus baccata*, *Prunus avium*, *Ulmus glabra* e *Fraxinus excelsior*. Por baixo das especies anteriores adoitan aparecer *Erica arborea*, *Pyrus cordata* e *Frangula alnus*, sendo moi escaso o espiñeiro (*Crataegus monogyna*). No nivel inferior, moito máis variable en cobertura que o anterior (20-100 %), acádase un promedio elevado de recubrimiento do chan (81,4 %) debido á presenza de numerosas especies de carácter nemoral como *Vaccinium myrtillus*, *Anemone*

*nemorosa*, *Dryopteris dilatata*, *D. affinis*, *D. aemula*, *Avenella flexuosa*, *Stellaria holostea*, *Oxalis acetosella*, *Saxifraga spathularis*, *Teucrium scorodonia*, *Physospermum cornubiense*, *Polypodium vulgare*, *Polygonatum verticillatum*, *Holcus mollis*, *Hedera hibernica* e *Lonicera periclymenum*, así como algunhas outras incluíbles no apartado de compañeiras (*Rubus* sp., *Pteridium aquilinum* e, en menor medida, *Asphodelus* sp., *Daboecia cantabrica* ou *Omphalodes nitida*).


O número de taxóns presentes neste tipo de carballeiras oscila entre 11 e 41, sendo o valor medio de 23 (táboa 7). Con respecto ao grupo de especies compañeiras, acada por termo medio algo menos do 30% do total de taxóns presentes, se ben este valor pode variar grandemente, entre o 14 e o 53 %. Polo xeral, as especies introducidas non acadan unha significación salientable nestes carballais (máximo de unha especie por inventario), téndose censado nas mostras estudadas soamente tres especies (*Helichrysum foetidum*, *Pinus pinaster* e *Prunus laurocerasus*).

No plano fitosociolóxico, distinguimos neste tipo de carballais dúas variantes: típica e mesotrofa. Esta última diferenciase pola presenza de especies con preferencias por solos máis ricos en nutrientes, características de bosques da orde *Fagetalia sylvaticae*, como *Acer pseudoplatanus*, *Carex sylvatica*, *Conopodium majus*, *Fraxinus excelsior*, *Helleborus occidentalis*, *Hypericum androsaemum*, *Mercurialis perennis*, *Polystichum setiferum*, *Primula acaulis*, *Prunus avium*, *Pulmonaria longifolia*, *Ranunculus tuberosus*, *Sanicula europaea*, *Scrophularia alpestris* ou *Ulmus glabra*. Nas áreas de topografía máis abrupta, esta variante marca a transición cara aos bosques mixtos de encostas escarpadas e barrancos que dun xeito moi fraccionado se distribúen nos enclaves máis fragosos das masas arboradas autóctonas ao longo da área de estudo (Rodríguez Guitián 2005).


En situacións de maior insolación e, polo xeral sobre solos máis areosos ou menos profundos, tanto nunha como noutra variante, pódese recoñecer unha facies heliófila na que o rebolo (*Quercus pyrenaica*), e as veces o su híbrido con *Quercus robur* (*Quercus x andegavensis*), adoitan incorporarse ao dosel destes bosques.

b) Carballais acidófilos galaico-asturianos hiperoceánicos termófilos (*Blechno spicant-Quercetum roboris* subas. *lauretosum nobilis*, B-QI).

As características ambientais e florísticas deste grupo de carballais amósanse nas figuras 6a e 6b e nas táboas 8 e 10. Os carballais galaico-asturianos termófilos presentan, en gran medida, unha distribución complementaria dos da subasociación típica, e dicir, con preferencia pola banda litoral e áreas interiores situadas a baixa altitude (figura 1). Non obstante, dado que as condicións de termicidade gañan cotas progresivamente superiores coa distancia ao mar, este tipo de carballais ten unha distribución altitudinal máis ampla que os primeiros, oscilando entre os 0-350/400 m no sector litoral ata os 700-750 m en certas áreas interiores das cuncas do ríos Eo, Navia e Narcea.



**Figura 6a.**- Distribución altitudinal, exposicións, intervalos de pendente e caracterización bioclimática dos tipos de bosque descritos neste traballo. Acrónimos das comunidades como na táboa 1, salvo SA: "bosques sen adscripción fitosociolóxica". Bioclimas: EuHoc-ac: euhiperoceánico acentuado; EuHoc-at: euhiperoceánico atenuado; SubHoc-ac: subhiperoceánico acentuado; SubHoc-at: subhiperoceánico atenuado; SmOc-ac: semioceánico acentuado; SmOc-at: semioceánico atenuado; EuOc-ac: euoceánico acentuado. Termotipos: Tts: termotemperado superior; Msi: mesotemperado inferior; Mts: mesotemperado superior; Sti: supratemperado inferior. Ombrotipos: Sh: subhúmido superior; Hi: húmido inferior; Hs: húmido superior; Hhi: hiperhúmido inferior; Hhs: hiperhúmido superior



**Figura 6b.-** Grupos litológicos, posição topográfica e tipos de solos desenvolvidos baixo os tipos de bosque descritos neste trabalho. Acrónimos das comunidades como na táboa 1, salvo SA: “bosques sen adscripción fitosociológica”. Litoloxía: AMS: alternancia de rochas silíceas metamorfozadas; GA: granitoides alcalinos; SC: sedimentos cuaternarios; L: lousas; Q: cuarcitas; XB: xistos básicos; RB: rochas metamórficas básicas; O: xistos acedos tipo “ollo de sapo”. Posición topográfica: LA: parte alta de ladeira; LB: parte baixa de ladeira; VAL: valgada; TES: tesó; CHA: chaira. Tipo de solo: L: leptosol; R: regosol; C: cambisol


Este grupo de carballais distribúese maioritariamente por territorios de bioclima hiperoceánico dentro dos termotipos termotemperado superior a mesotemperado superior e baixo ombrotipos predominantemente húmidos (figura 6a). A diferenza dos carballais da subasociación típica, case o 40 % dos termófilos atópase en situacións fisiográficas de ladeira baixa e valgada (figura 6b). Tamén se observa unha maior representación sobre terreos de moi forte inclinación (arredor do 70% dos inventarios sitúanse en pendentes superiores a 25°). De todo-os xeitos, é necesario lembrar que este reparto está moi condicionado coa distribución actual dos bosques na área de estudo e non se debe interpretar como indicativo do seu “óptimo” ecolóxico. As orientacións, aínda que moi variables, tamén amosan un certo incremento nas de compoñente N.

Os solos sobre os que se asentan estes bosques manteñen o forte carácter coluvial comentado para os da subasociación típica, predominando os regosoles sobre os cambisoles e leptosoles. Están desenvolvidos nunha maior proporción sobre “alternancia de rochas silíceas metamórfizadas”, observándose unha menor representación das rochas de tipo granítico e lousas (figura 6b).

Estructuralmente falando, aquí se reúnen bosques dunha talla igualmente variable (10-28 m) pero, polo xeral, lixeiramente superior á dos típicos (17,1 m de promedio). Tamén os valores de cobertura mínima (70%) e media (96,4%) no estrato superior son maiores que os rexistrados no caso daqueles. A maior termicidade que se observa nas áreas nas que aparecen este tipo de bosques propicia un importante incremento no número de especies arbóreas presentes. Aínda que as especies máis constantes nestes bosques seguen a ser *Quercus robur* e *Ilex aquifolium*, neles gañan en importancia *Castanea sativa*, *Corylus*

*avellana*, *Crataegus monogyna*, *Quercus petraea* e *Quercus x rosacea*, mentras que non son raros *Laurus nobilis* e *Arbutus unedo*, que están ausentes dos carballais típicos; por contra, *Betula pubescens*, *Sorbus aucuparia* e *Fagus sylvatica* tenden a ser máis raros, mentras que seguen a presentar aparicións moi puntuais *Taxus baccata*, *Prunus avium*, *Ulmus glabra* e *Fraxinus excelsior*. Como aspecto curioso neste apartado, merece mención a presenza de *Fraxinus angustifolia* e *Fraxinus oxycarpa* nalgúns destes carballais situados en partes baixadas de ladeiras da cunca media do Río Mandeo. Posiblemente, a incorporación local destas especies aos carballais se deba ao seu contacto cos bosques riparios desta zona (asociación *Senecioni bayonnensis-Alnetum glutinosae*), formacións nas que estes freixos son frecuentes (Amigo et al. 1987).

*Pyrus cordata* e *Frangula alnus*, coa frecuente incorporación de *Crataegus monogyna*, seguen a ser as principais especies que conforman o nivel arbóreo inferior ao do dosel, mentras que *Erica arborea* presenta unha apreciable redución na súa frecuencia de aparición. O nivel inferior presenta un valor mínimo de recubrimento superior ao caso dos carballais típicos (10%), se ben a media é algo inferior á destes (77,4%). Neste estrato apréciase unha redución da frecuencia de aparición de certas especies nemorais, como *Vaccinium myrtillus*, *Blechnum spicant*, *Avenella flexouosa* ou *Polygonatum odoratum*, se ben outras a incrementan (*Aquilegia vulgaris*, *Athyrium filix-femina*, *Hypericum androseum*, *Luzula henriquesii*, *Potentilla sterilis*, *Viola riviniana*). Dentro do grupo de compañeiras, descenden algo as silvas (*Rubus* sp.) e aumentan lixeiramente algunhas herbas típicas de bordes forestais (*Linaria trionithophora*, *Omphalodes nitida*, *Polygonatum odoratum*) así como algúns higrófitos (*Angelica sylvestris*, *Ajuga pyramidalis*, *Cardamine flexouosa*, *Senecio nemorensis*).



**Táboa 7.-** Clave florística para os bosques dominados por quercíneas presentes na área de estudo (Subsector Cantábrico occidental). Acrónimos das comunidades como na táboa 1, salvo SA: “bosques sen adscripción fitosociolóxica”



Atributo	Valor	Tipo de bosque				
		B-Qd (97)	B-Ql (93)	R-Q (14)	L-Q (9)	SA (6)
Alt. E <sub>1</sub> (m)	max	27,0	28,0	18,0	20,0	25,0
	med	16,3	17,1	12,4	15,6	19,7
	min	8,0	10,0	10,0	10,0	16,0
Cob. E <sub>1</sub> (>4,0 m)(%)	max	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
	med	94,8	96,4	84,6	92,8	92,5
	min	60,0	70,0	70,0	90,0	80,0
Cob. E <sub>2</sub> (1,5-4,0 m)(%)	max	70,0	70,0	60,0	40,0	70,0
	med	24,1	28,7	24,5	20,7	40,0
	min	5,0	10,0	5,0	5,0	10,0
Cob. E <sub>3</sub> (<1,5 m)(%)	max	100,0	100,0	100,0	90,0	100,0
	med	81,4	77,4	77,1	73,9	93,3
	min	20,0	10,0	50,0	50,0	80,0
Nº taxóns	max	41	44	36	31	21
	med	23	28	23	25	16
	min	11	15	18	20	10
% compañeiras	max	53	47	60	58	48
	med	29	27	48	49	34
	min	14	10	26	36	20
Nº neófitos	max	1	1	1	1	1
	med	0	0	0	0	0
	min	0	0	0	0	0

**Táboa 8.-** Caracterización estrutural (valores de altura dominante e cobertura por estratos) e valoración florística dos bosques estudados. Acrónimos das comunidades como na táboa 1, salvo SA: "bosques sen adscrición fitosociolóxica". Entre paréntese indícase o número de mostras de cada tipo de bosque

Esta subasociación diferénciase da típica pola presenza dun longo conxunto de especies de carácter termófilo (*Arbutus unedo*, *Asplenium onopteris*, *Clematis vitalba*, *Daphne gnidium*, *Davallia canariensis*, *Laurus nobilis*, *Rubia peregrina*, *Ruscus aculeatus*, *Smilax aspera* e *Tamus communis*), moitas das cales se comparten coa asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, de distribución maioritaria polas áreas termotemperadas e mesotemperadas inferiores dos territorios galaico-portugueses.

As riquezas específicas media e máxima destes bosques (29 e 44 taxóns respectivamente) son superiores ás da subasociación típica e tamén o é o número de compañeiras que adoitan aparecer en cada inventario; non obstante, a proporción destas fronte ao total tende a ser inferior (táboa 7). No relativo a especies introducidas, nas mostras estudadas desta subasociación só aparecen *Pinus pinaster* e *Prunus laurocerasus*, este último en maior número de inventarios.

Dentro desta unidade fitosociolóxica distínguense, como no caso da subasociación típica, una variante típica e outra mesotrofa, diferenciable da primeira pola presenza de taxóns máis esixentes en nutrientes, como *Acer pseudoplatanus*, *Carex sylvatica*, *Fraxinus excelsior*, *Hypericum androsaemum*, *Lysimachia nemorum*, *Mercurialis perennis*, *Milium effusum*, *Polystichum setiferum*, *Potentilla sterilis*, *Primula acaulis*, *Prunus avium*, *Pulmonaria longifolia*, *Ranunculus tuberosus*, *Sanicula europaea* ou *Ulmus glabra*. Como no caso anterior, esta variante medra nos enclaves de solos ácidos máis ricos en nutrientes dentro do ámbito dos carballais estudados, sendo o tipo de bosque que se conforma nos lugares de contacto entre os carballais galaico-asturianos e os bosques mixtos de ladeiras abruptas e barrancos existentes nas áreas máis térmicas do territorio estudado.

A presenza de *Quercus pyrenaica* en situacións soalleiras permite recoñecer, como no caso dos carballais galaico-asturianos típicos, unha facies heliófila.

c) Carballais galaico-portugueses termófilos (*Rusco aculeati-Quercetum roboris*, R-Qv, R-Qq)

As características ambientais e florísticas deste grupo de carballais amósanse nas figuras 6a e 6b e nas táboas 8 e

11. Un total de 14 inventarios, distribuídos por áreas próximas ao litoral entre as cuncas baixas dos ríos Mandeo e Ouro, considéranse incluídos na asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*, pois carecen das especies higró-esquífilas que caracterizan á asociación *Blechno-Quercetum roboris*. Tres deles conteñen especies (*Arbutus unedo*, *Daphne gnidium*, *Rubia peregrina*) que se consideran diferenciais da subasociación de máis marcado carácter termófilo desta asociación (subas. *quercetosum suberis*) mentras que o resto pertencería á subasociación típica (subas. *violetosum riviniana*).

En conxunto, son bosques de menor talla que os pertencentes á asociación *Blechno-Quercetum roboris* (10-18 m, media de 12,4 m), con cobertura no estrato superior que oscila entre o 70 e o 100% e entre o 50 e o 100% no inferior. Sitúanse maioritariamente en partes altas de vertentes fortemente insoladas (orientacións SE a SW) e de elevada inclinación (10-40°, promedio de 27°), sobre solos relativamente evolucionados (cambisoles) derivados principalmente de "alternancia de rochas silíceas metamorizadas".

A diferenza dos bosques dominantes no territorio, *Quercus robur* adoita compartir o dosel con *Quercus pyrenaica*, *Laurus nobilis* e *Castanea sativa*, perdendo peso neste estrato superior *Ilex aquifolium*, *Corylus avellana* e *Betula pubescens*. Faltan por completo nestes bosques *Acer pseudoplatanus*, *Fagus sylvatica*, *Fraxinus excelsior*, *Prunus avium*, *Quercus petraea*, *Quercus x rosacea*, *Sorbus aucuparia*, *Taxus baccata* e *Ulmus glabra*, sendo escasos *Castanea sativa*, *Betula pubescens* e *Corylus avellana*. Por baixo das árbores dominantes mantéñense *Pyrus cordata*, *Frangula alnus* e *Ulex europaeus*, observándose unha notable redución de *Arbutus unedo* e da uz branca (*Erica arborea*). No estrato inferior predominan as herbas heliófilas (*Pseudarrhenatherum longifolium*, *Pteridium aquilinum*, *Asphodelus* sp., *Digitalis purpurea*) xunto a matas baixas (*Daboecia cantabrica*, *Erica cinerea*) e algunhas especies nemorais relativamente tolerantes á luz (*Teucrium scorodonia*, *Physospermum cornubiense*, *Viola riviniana*). *Pinus pinaster* é a única especie introducida que aparece nas mostras estudadas deste tipo de bosque.

Código inventario	B-Qd	C080	C090	C100	C101	C110	C111	Iz103	Iz104	Iz106	Iz107	Iz113	Iz114	Iz116	Iz117	Iz118	Iz119	Iz120	Iz121	MF31	MF36	P001	P002	P003	P004	P006	P007	P008	P009	P010	P011	P012	P013	P015	P016	P017	P018	P019	P020	P021	P023	P024							
<b>Características e diferenciais (*) de <i>Blechno spicant-Quercetum roboris</i></b>																																																	
<i>Quercus robur</i>	4	5	5	5	5	4	4	4	4	5	5	4	4	5	5	5	4	5	5	4	4	4	5	4	5	2	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	4	5	5	5	5	4	5						
<i>Vaccinium myrtillus</i>	3	1	2	4	4	2	2	3	3	2	2	2	4	1	4	2	3	4	1	2	·	1	3	·	4	3	5	3	2	3	2	1	2	4	3	4	3	3	2	1	3	·	·						
<i>Hedera hibernica</i>	1	2	1	1	2	1	1	2	1	1	1	1	2	+	·	+	1	1	2	·	1	2	1	4	2	+	1	1	1	1	1	1	2	1	·	1	+	+	+	1	+	·	·						
<i>Blechnum spicant</i> *	1	1	1	3	·	1	1	·	+	1	1	2	1	1	1	2	1	+	1	1	2	1	1	1	2	·	1	2	2	2	2	2	2	2	2	2	2	1	+	+	1	1	·						
<i>Ilex aquifolium</i>	·	1	·	·	2	2	1	+	1	1	1	+	+	1	3	1	1	r	1	+	+	+	1	2	3	1	1	3	1	+	·	1	3	2	2	2	2	3	+	2	·	+							
<i>Holcus mollis</i>	1	1	·	·	·	·	2	1	+	·	2	2	+	2	2	2	2	+	·	2	2	2	2	1	+	·	2	2	2	1	2	2	1	2	2	1	2	+	3	1	1	3	1						
<i>Teucrium scorodonia</i>	1	1	·	·	·	·	1	1	·	·	·	1	+	+	·	1	·	1	·	2	·	+	1	1	+	·	+	2	2	+	+	2	2	1	2	1	2	1	+	1	r	1	r	+					
<i>Avenella flexuosa</i>	·	·	·	·	·	·	1	2	+	4	3	·	1	+	1	1	1	1	1	·	4	2	4	2	·	2	2	·	3	2	·	2	1	1	1	3	+	+	2	1	1	·	1						
<i>Lonicera periclymenum</i>	2	·	1	2	·	·	1	+	1	·	1	1	1	+	+	1	·	+	2	·	2	1	2	1	1	·	·	+	+	+	1	2	1	1	1	+	+	1	2	1	1	+	·	2					
<i>Oxalis acetosella</i> *	·	·	·	3	·	2	2	·	·	2	2	·	+	1	1	+	1	+	1	·	·	·	1	·	1	·	·	2	+	+	+	1	+	+	1	1	1	r	r	2	·	·	·						
<i>Sorbus aucuparia</i> *	·	·	1	·	1	·	1	·	·	·	·	+	1	1	+	1	1	·	1	·	+	·	+	+	+	+	+	1	+	·	1	2	1	1	2	+	+	1	2	+	·	1	·	·					
<i>Corylus avellana</i>	·	·	1	2	·	1	5	·	·	·	·	1	2	+	·	·	1	+	+	+	·	2	·	1	·	+	+	1	·	1	1	·	1	1	+	1	1	1	+	·	+	·	·	·					
<i>Dryopteris dilatata</i> *	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	2	2	·	·	·	1	·	3	+	2	1	+	2	·	1	+	+	r	·	·	1	+	r	2	3	1	r	·	2	·	·	·	·						
<i>Saxifraga spathularis</i> *	+	·	3	5	·	·	3	·	·	·	·	1	·	·	·	3	+	+	·	·	·	·	2	·	1	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	1	1	·	·	·	1	·	·					
<i>Dryopteris affinis</i>	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	+	+	+	·	·	+	+	1	1	1	1	1	·	1	·	·	+	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·				
<i>Dryopteris aemula</i> *	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	1	+	·	+	1	+	2	·	·	·	+	·	+	3	r	·	·	·	·	·	·	·	·					
<i>Polygonatum verticillatum</i> *	·	·	·	·	1	·	·	·	r	·	·	+	·	+	1	+	+	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	2	+	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·				
<i>Polypodium vulgare</i>	·	·	·	·	·	+	+	+	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	+	1	+	·	·	·	·	·	·	+	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·			
<i>Castanea sativa</i>	+	·	·	·	·	·	1	1	+	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	1	1	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<i>Erica mackaiana</i> *	·	·	·	1	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	3				
<i>Osmunda regalis</i> *	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	2	+	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·				
<i>Lastrea limbosperma</i> *	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·				
<i>Athyrium filix-femina</i> *	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·				
<i>Luzula henriquesii</i> *	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<i>Quercus x rosacea</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	3	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<i>Quercus petraea</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<i>Dryopteris filix-mas</i>	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<b>Características de <i>Quercetalia roboris</i></b>																																																	
<i>Physospermum cornubiense</i>	+	·	·	·	·	1	1	·	+	·	+	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	+	1	·	1	
<i>Melampyrum pratense</i>	+	·	·	·	1	1	1	·	1	1	1	·	·	+	1	+	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	1	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Hypericum pulchrum</i>	+	·	·	·	·	1	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Arenaria montana</i>	·	·	·	·	·	·	r	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<b>Características de <i>Quercio-Fagetea</i></b>																																																	
<i>Anemone nemorosa</i>	·	·	·	1	·	2	1	·	·	+	·	+	1	1	1	1	1	1	1	1	·	·	·	·	+	·	·	r	+	1	+	1	1	2	1	+	1	+	1	+	·	·	·	·	·	·	·	r	
<i>Stellaria holostea</i>	·	·	2	·	·	1	1	·	·	1	1	·	·	+	1	+	1	+	1	·	2	1	·	1	·	·	·	·	+	+	+	2	1	1	+	+	1	+	1	+	1	+	·	·	·	·	·	·	
<i>Betula pubescens</i>	1	·	1	·	·	1	3	3	1	·	+	2	·	·	2	·	+	2	3	2	1	·	1	2	·	1	1	+	·	·	·	·	·	·	·	2	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	3	·
<i>Solidago virgaurea</i>	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	1	
<i>Euphorbia dulcis</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	
<i>Hyacinthoides non-scripta</i>	·	·	·	·	·	·	+	·	+	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<b>Compañeiras</b>																																																	
<i>Pteridium aquilinum</i>	2	·	·	1	4	·	1	+	1	1	1	1	+	2	1	1	1	1	+	2	2	3	1	2	1	2	3	+	2	2	1	+	+	+	+	+	·	2	·	·	·	·	1	1	·	·			
<i>Erica arborea</i>	1	·	1	·	1	1	2	+	·	1	2	1	+	1	·	3	1	3	+	·	1	3	3	·	2	3	+	3	4	1	1	2	1	1	+	r	1	2	2	+	+	·	·	·	·	·			
<i>Frangula alnus</i>	+	·	1	1	1	2	1	·	1	1	1	+	1	1	+	+	+	1	2	2	1	1	+	1	1	·	1	·	r	1	1	1	1	2	1	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	2
<i>Rubus sp.</i>	1	1	·	·	1	1	1	+	·	1	+																																						

Código	P027	P028	P029	P030	P031	P032	P033	P034	P035	P036	P037	P040	P041 <sup>a</sup>	P042	P044	P045	P049	P059	P060	P061	P062	P063	P064	P065	P067	P073	Iz102	Iz122	P005	P026	P039	P046 <sup>b</sup>	P054	P068	P069	P070	P071	P072						
<b>Características e diferenciais (*) de <i>Blechno spicant-Quercetum roboris</i></b>																																												
<i>Hedera hibernica</i>	+	1	+	3	1	+	3	3	4	4	3	2	1	1	3	1	+	1	2	+	+	+	+	1	+	+	3	2	1	2	1	1	1	1	2	1	3	3	2					
<i>Quercus robur</i>	4	5	5	2	5	5	5	5	4	4	4	1	2	3	4	4	1	5	5	5	4	5	5	2	3	5	5	5	4	4	1	4	1	1	1	4	1	4	3	4				
<i>Vaccinium myrtillus</i>	4	4	4	3	+	3	+	2	+	2	3	3	3	5	3	1	3	1	2	2	1	3	2	5	1	2	1	2	4	1	+	3	1	1	1	1	3	+	·					
<i>Holcus mollis</i>	+	1	1	2	+	2	3	1	1	+	1	+	1	·	+	1	+	1	1	1	·	·	+	+	+	1	3	1	1	+	1	2	2	1	+	+	1	1	2	2				
<i>Blechnum spicant</i> *	+	1	2	3	3	2	+	4	+	1	4	1	+	1	3	1	1	+	2	+	·	+	+	2	+	2	1	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·				
<i>Ilex aquifolium</i>	·	1	2	1	1	2	1	2	+	2	·	1	1	2	3	3	1	1	2	·	+	+	·	+	+	1	1	1	1	1	·	2	·	2	+	+	1	1	1					
<i>Lonicera periclymenum</i>	2	·	·	1	·	+	2	2	1	2	1	+	2	+	1	+	1	1	2	·	+	+	·	+	+	·	1	+	·	1	+	1	+	1	+	·	1	1	2	1	4			
<i>Avenella flexuosa</i>	2	·	·	1	r	1	+	·	3	1	4	2	1	1	·	3	1	4	3	4	3	·	2	1	·	·	2	+	+	r	2	3	1	1	·	·	·	·	+	+				
<i>Sorbus aucuparia</i> *	1	1	r	+	·	+	·	·	1	·	+	1	1	+	+	+	2	·	1	1	1	+	1	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·			
<i>Teucrium scorodonia</i>	·	+	1	+	1	1	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	1	·	·	·	+	r	1	2	1	·	+	1	1	+	+	1	·	1	+	+	+				
<i>Dryopteris dilatata</i> *	3	·	·	1	·	·	+	·	+	3	·	1	4	1	3	1	+	+	3	2	·	·	·	·	+	+	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	2	+			
<i>Polypodium vulgare</i>	+	·	·	·	·	·	1	+	+	1	1	·	1	1	·	+	+	+	+	·	·	·	·	·	·	+	+	+	·	·	·	·	·	·	·	1	+	·	+	1	·			
<i>Dryopteris affinis</i>	+	·	·	+	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	·	1	+	r	1	1	1	·	·	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	+	1	·	
<i>Castanea sativa</i>	·	·	·	·	·	1	2	2	2	·	·	1	·	·	1	2	1	·	·	·	·	·	·	1	·	1	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	1	1	2	3		
<i>Corylus avellana</i>	2	+	+	2	2	·	·	·	1	+	·	·	·	3	·	r	·	1	1	·	·	·	1	1	1	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·		
<i>Saxifraga spathularis</i> *	1	·	·	+	·	·	·	·	·	+	1	1	+	+	·	·	+	1	1	+	1	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Quercus x rosacea</i>	·	·	·	2	·	·	·	·	2	2	1	4	3	3	2	·	3	·	1	·	·	·	·	·	·	3	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Luzula henriquesii</i> *	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	1	·	·	+	1	1	1	·	·	·	·	+	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·		
<i>Oxalis acetosella</i> *	·	·	·	+	r	+	1	·	2	+	·	·	·	1	·	·	·	2	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Fagus sylvatica</i>	·	·	·	·	·	·	·	3	·	·	·	·	·	·	2	1	1	·	·	·	·	·	·	·	3	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	1	·	·	·		
<i>Polygonatum verticillatum</i> *	·	1	r	+	·	+	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·		
<i>Quercus petraea</i>	·	·	·	3	·	·	·	·	·	1	1	4	2	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Dryopteris aemula</i> *	·	·	·	1	·	·	·	·	·	1	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Erica mackaiana</i> *	·	·	+	·	·	·	·	·	·	+	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Lastrea limbosperma</i> *	·	·	·	1	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Athyrium filix-femina</i> *	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Osmunda regalis</i> *	+	·	·	+	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Dryopteris filix-mas</i>	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Cytisus commutatus</i> *	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<b>Diferenciais facies heliófila</b>																																												
<i>Quercus pyrenaica</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	r	1	2	4	2	5	2	5	3	4	+	·	·			
<i>Quercus x andegavensis</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·		
<b>Características de <i>Quercetalia roboris</i></b>																																												
<i>Physospermum cornubiense</i>	·	1	1	+	2	1	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	+	r	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·		
<i>Arenaria montana</i>	·	+	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Melampyrum pratense</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	+	1	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<b>Características de <i>Quercu-Fagetea</i></b>																																												
<i>Stellaria holostea</i>	1	·	·	·	·	1	1	+	·	+	+	·	1	1	·	1	·	2	1	·	1	·	+	1	+	1	+	+	·	·	·	·	·	·	1	+	+	+	2	·	·	·	·	
<i>Anemone nemorosa</i>	·	+	+	+	1	1	·	·	·	+	1	·	+	·	+	+	·	·	1	1	+	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Betula pubescens</i>	2	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	r	1	2	·	·	1	+	1	·	1	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	2	·	1	1	3	·	·		
<i>Viola riviniana</i>	·	·	·	·	+	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Euphorbia dulcis</i>	·	+	·	r	+	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	
<i>Solidago virgaurea</i>	·	+	+	1	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Ajuga reptans</i>	·	·	·	·	·	+	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·
<i>Hyacinthoides non-scripta</i>	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	·	r	·	·	·	·	·	·	·	+	·	·	·	·	·	·	·	1	·	·	·	·	·	·	·	·
<b>Compañeiros</b>																																												
<i>Erica arborea</i>	1	2	1	1	1	2	1	1	+	+	2	·	1	1	1	1	+	2	+	+	2	3	+	2	1	1	+	1	1	1	1	5	2	4	2	1	2	1	2	1	·	·		
<i>Rubus</i> sp.	2	+	+	+	1	1	2	2	1	+	1	+</																																

Código inventario	a														b		
	P010	P014	P022	P038	P043	P047	P048	P050	P051	P052	P053	P055	P056	P057	P058	P066	
<b>Características e diferenciais (*) de <i>Blechno spicant-Quercetum roboris</i></b>																	
<i>Vaccinium myrtillus</i>	2	3	5	+	2	1	3	+	2	+	+	2	1	1	1	+	
<i>Hedera hibernica</i>	1	1	+	1	2	1	+	2	1	1	+	+	+	1	+	1	
<i>Quercus robur</i>	5	5	5	4	5	4	4	5	3	4	.	.	2	2	1	4	
<i>Lonicera periclymenum</i>	+	+	r	+	.	1	1	+	+	1	1	+	.	1	1	+	
<i>Ilex aquifolium</i>	2	+	1	1	3	1	1	1	1	1	.	.	+	.	1	2	
<i>Blechnum spicant</i> *	2	2	1	1	1	1	.	.	2	2	2	1	+	2	3	.	
<i>Corylus avellana</i>	.	+	.	3	2	1	1	1	1	2	5	1	.	4	1	.	
<i>Holcus mollis</i>	1	.	1	2	+	.	.	2	+	1	+	1	1	1	+	+	
<i>Saxifraga spathularis</i> *	.	4	.	.	+	1	+	1	1	2	+	2	+	+	.	.	
<i>Dryopteris affinis</i>	.	1	.	.	2	.	+	1	1	+	1	1	+	2	3	.	
<i>Avenella flexuosa</i>	2	1	+	+	1	.	.	.	+	1	.	1	2	+	r	.	
<i>Dryopteris dilatata</i> *	+	+	1	r	2	.	.	.	1	2	1	+	.	1	1	.	
<i>Polypodium vulgare</i>	+	.	+	+	1	.	+	+	+	+	+	+	+	.	.	.	
<i>Oxalis acetosella</i> *	.	1	r	1	+	.	.	1	.	2	1	1	.	.	1	.	
<i>Sorbus aucuparia</i> *	.	1	.	.	.	.	+	+	1	+	.	1	1	1	.	+	
<i>Luzula henriquesii</i> *	.	+	.	.	1	1	1	.	.	2	5	1	.	5	.	.	
<i>Teucrium scorodonia</i>	.	1	.	+	+	.	.	.	+	1	+	1	.	.	.	.	
<i>Fagus sylvatica</i>	.	.	.	2	.	1	1	3	1	.	.	.	3	.	.	3	
<i>Castanea sativa</i>	.	.	.	.	3	.	+	.	3	.	.	1	+	2	1	.	
<i>Athyrium filix-femina</i> *	+	.	.	.	.	.	.	1	.	+	2	1	.	.	+	.	
<i>Quercus x rosacea</i>	.	.	.	.	.	.	.	1	3	2	.	4	.	3	4	.	
<i>Polygonatum verticillatum</i> *	1	+	.	.	+	.	+	.	.	1	+	.	.	.	.	.	
<i>Erica mackaiana</i> *	.	.	.	r	+	.	+	r	.	.	.	.	+	.	.	.	
<i>Quercus petraea</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	2	5	1	.	.	1	.	
<i>Lastrea limbosperma</i> *	.	+	.	.	r	.	.	.	.	+	+	.	.	.	.	.	
<i>Dryopteris filix-mas</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	2	3	2	.	.	.	.	
<i>Dryopteris aemula</i> *	.	.	.	.	1	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<b>Diferenciais de variante mesotrofa</b>																	
<i>Acer pseudoplatanus</i>	.	.	.	.	r	+	.	.	+	.	+	.	+	.	1	+	
<i>Ranunculus tuberosus</i>	.	+	.	+	.	.	.	.	.	1	+	+	.	+	.	.	
<i>Mercurialis perennis</i>	.	.	.	.	.	+	1	1	.	.	+	.	.	r	.	.	
<i>Pulmonaria longifolia</i>	.	.	+	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	
<i>Polystichum setiferum</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	+	.	+	.	.	
<i>Sanicula europaea</i>	.	.	r	.	.	.	.	+	.	.	+	.	.	.	.	.	
<i>Primula acaulis</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	
<i>Scrophularia alpestris</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	+	.	.	.	.	.	
<i>Ulmus glabra</i>	.	.	.	.	.	.	.	+	.	.	.	r	.	.	.	.	
<i>Fraxinus excelsior</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	.	.	.	.	.	
<i>Carex sylvatica</i>	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Prunus avium</i>	.	.	.	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	
<i>Conopodium majus</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	
<i>Hypericum androsaemum</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	r	.	.	.	.	
<b>Diferencial facies heliófila</b>																	
<i>Quercus pyrenaica</i>	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	1	.
<b>Características de <i>Quercus-Fagetea</i></b>																	
<i>Stellaria holostea</i>	.	1	+	1	+	.	.	1	1	1	+	+	.	+	1	1	
<i>Anemone nemorosa</i>	+	2	.	.	+	.	+	+	1	1	+	.	+	+	.	.	
<i>Euphorbia dulcis</i>	1	+	.	+	.	.	.	1	+	.	r	+	.	+	.	.	
<i>Betula pubescens</i>	.	1	.	.	.	2	1	.	1	.	.	.	2	1	.	.	
<i>Hyacinthoides non-scripta</i>	.	+	.	+	.	.	.	+	+	.	.	.	r	.	.	1	
<i>Ajuga reptans</i>	.	.	.	+	.	.	.	.	+	+	.	+	.	.	.	.	
<i>Taxus baccata</i>	.	.	.	.	.	1	+	1	.	.	.	.	+	.	.	.	
<i>Viola riviniana</i>	+	.	.	+	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	.	+	
